

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
3CO; 32CO	MC VECIÑOS DE MUIENTA	TRABA 5. MUIENTA. 27377 COSPEITO. LUGO
4B	XESTION URBANISTICA DE LUGO SA	PRAZA DE SANTO DOMINGO 6.5º. 27001 LUGO

R. 1174

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira o 19/04/2017 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondientes **ó 2º bimestre do 2017**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

- De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/05/2017 e 30/06/2017 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/05/2017. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento **(no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia)** e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

- Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

O Alcalde. Ángel Enrique Martínez-Puga López

R. 1184

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 12 de abril de 2017, aprobou a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE TARXETAS CIDADAS PARA O CONCELLO DE LUGO**. Exp. 10/2017

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

c) **Obtención de documentación e información:**

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
6. **Correo electrónico:** www.contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.Lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) Número de expediente: 10/2017

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: subministración

b) Descrición: a subministración de 10.000 tarxetas cidadás

c) División por lotes: NON

d) Lugar de execución/entrega: O contratista esta obrigado a entregar 2.500 tarxetas no prazo de UN MES a partir da formalización do contrato e as restantes serán entregadas en lotes de 2.500 aos tres, seis e nove meses da formalización do contrato.

e) Prazo de duración/ Prazo de execución: NOVE MESES.

f) Admisión de prórroga: NON

g) Establecemento de acordo marco: NON

h) CPV : 30160000-8 Tarxetas magnéticas.
30162000-2 Tarxetas intelixentes.

3.- Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinario

b) Procedemento: aberto

c) Criterios de adxudicación: Ver **cláusula décimo segunda** dos pregos de cláusulas administrativas.

4.- Valor estimado do contrato: 27.300 euros

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

O presuposto máximo do contrato calcúlase tendo en conta as cantidades estimadas de adquisición sinaladas no prego de condicións técnicas (10.000 tarxetas) e os prezos unitarios sinalados, esto é: 2,73 euros máis o IVE (21%) – 0,57 € que fai un total de **3,30 euros/ tarxeta IVE incluído**; polo que o **orzamento total ascende a 33.000 euros IVE incluído**.

6.- Garantías:

a) Provisional: NON procede

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Solvencia: A sinalada na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas

b) Clasificación: NON

c) Outros requisitos: ver cláusula sexta do prego

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: 15 días contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogarase ata o seguinte día hábil

b) Modalidade de presentación: formato papel.

c) Lugar de presentación:

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002
4. **Dirección electrónica:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)

d) Admisión de variantes:NON

e) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta: 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data e hora:** O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións as 13:30 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: 77,48 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas nas cláusulas décimo sexta e décimo oitava configuradas como obrigas contractuais esenciais.

Lugo, 21 de abril de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 1185

PARADELA

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o 21 de abril de 2017, segundo a documentación técnica obrante no expediente, prestou aprobación ao cambio de uso do Centro de Educación Primaria de 2 unidades incluído no recinto do Grupo Escolar, dunha parcela de 572,95 m², que linda ao oeste coa Rúa da Veiga e co resto da finca matriz nos demais ventos.

Acórdase a alteración da calificación xurídica do edificio, desafectando como ben para uso dotacional de ensinanza, que pasará a un uso dotacional distinto consistente na Casa Niño. Segundo o disposto no art. 150.6. b) da Lei 2/2016 ao tratarse de infraestruturas públicas, declárase a innecesariedade da licenza municipal de segregación.

De conformidade co disposto na normativa de aplicación o presente acordo, en canto aprobación provisional, así como o expediente do que trae razón, se someta ao trámite de exposición pública polo prazo de un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e presentación de reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o acordo ata entón provisional entenderase definitivamente aprobado. No caso de presentarse reclamacións, resolveranse polo Pleno e remitirase á administración autonómica competente en materia educativa.

Paradela, 24 de abril de 2017.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz

R. 1186

RIBADEO

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

No anuncio deste Concello publicado no BOP de Lugo número 90 de 20/04/2017 publicase a convocatoria da licitación do contrato de servizos **PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DO PROXECTO DE COLONIAS DE VERÁN 2017.**

Mediante o presente anuncio corríxense os erros detectados no expediente de licitación referenciado segundo Resolución de Alcaldía do 26.04.2017 :

a) Anuncio BOP e perfil do contratante

Onde di:

3. Valor estimado do contrato: 25.454,52 euros e 2.545,46 euros de IVE isto é un-total máximo de 28.000 €.

Debe dicir :

3. Valor estimado do contrato: 25.636,36 euros e 2.563,64 euros de IVE isto é un-total máximo de 28.200,00 €.

b) Prego de cláusulas técnicas